



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Vete conmigo a la calle
que te quiero hacer ver
te vas a morir temblando
en manos de una mujer.

/:Quéroche ben, non hai duda:/
habémonos enterrar-e
un a un na sepultura.

Pasei pola túa porta,
mirei pola fechadura,
tabas catando nas pulgas,
¡ind´a risa che me dural!

Pasei pola túa porta
e mirei polo ferrollo,
a loba de túa nai-e
meteum´un pau por un ollo.

...venirá este mundo
degó mi madre la vida
¡ay que dolor tan profundo!
no tener madre querida.

Si te quise fue por sueños
si te olvidé no lo sé
se por eso andas triste
nunca más te olvidaré.

Heiche de dar, miña nena,
heiche de dar o meu amor;
heiche de dar, miña nena,
heiche de dar unha flor.

Moreniña era yo-e,
moreniña e máis ben-he,
tamén o trigo é moreno
a mailo pan saben ben-he.

Chamácheme moreniña
blanquiña vaite lavar,
disme que non teño amores
inda chos hei, inda chos hei, de prestar.



Polo mar abaixo
vai unha sartén
fretindo patacas
a máis saben ben.

Se soubera nemorar-e
como sei bebe-lo viño,
atrás no me quedaría
filla de ningún veciño.

Se soubera nemorar
como viño sei beber,
non había de quedar-e
xente do meu parecer.